

INSTRUCCIÓNS E CRITERIOS DE CORRECCIÓN PARA A REALIZACIÓN DO CUARTO EXERCICIO

De acordo co disposto no Anexo I das bases reguladoras da convocatoria (Resolución reitoral do 21 de decembro de 2023, publicadas no DOG núm. 8, do 11 de xaneiro de 2024) sobre a obriga de aprobar e publicar os criterios de corrección antes da realización de cada exercicio, reunido o tribunal das probas selectivas para o acceso á escala administrativa, subgrupo C1, en sesión que tivo lugar o día 9 de xullo de 2025, en relación co cuarto exercicio da fase de oposición descrito no apartado I (Fase de oposición) do mencionado anexo nestes termos:

«Cuarto exercicio: consistirá na realización dunha proba práctica con ordenador, na cal se deberá contestar por escrito un cuestionario de 20 preguntas tipo test, máis 3 de reserva, con catro respostas alternativas das cales só unha será a correcta, dirixidas a apreciar os coñecementos das persoas aspirantes como usuarias de programas Word e Excel correspondentes á versión de Microsoft Office LTSC 2021.

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acreditasen documentalmente xunto coa solicitude estar en posesión do CODIX. Igualmente, quedarán exentas/os as/os aspirantes que achegasen coa solicitude formación en tratamento de textos e follas de cálculo impartida por institucións públicas nos últimos doce anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os cursos deberán ser de aptitude e constarán cando menos de 40 horas en conxunto, non podendo ser ningún deles inferior a 15 horas.

O exercicio terá unha duración máxima de 40 minutos, e cualificarase como apto ou non apto. Correspóndelle ao tribunal determinar o número de respostas correctas exixido para acadar a cualificación de apto..»

ACORDA:

Primeiro. Establecer as seguintes instrucións e aspectos organizativos a ter en conta para a realización da proba:

- O exercicio é de carácter práctico, sendo obrigatorio e eliminatorio só para aquelas persoas aspirantes que non acreditaron no momento da solicitude de participación no proceso a formación en informática (CODIX), ou ben a realización de cursos de formación en aplicacións de tratamentos de textos e follas de cálculo, de acordo coas bases da convocatoria. Pode consultarse o listado das persoas que non acreditaron a dita formación e que polo tanto deben concorrer á realización do exercicio no documento “Anexo: Informática, corrixido” que figura publicado na páxina web de convocatorias de probas selectivas de PAS, Escala administrativa 2024, accedendo á través da seguinte ligazón:

Información administrativa / Documentos derivados da convocatoria:

<https://www.usc.gal/gl/institucional/gobierno/area/xestionpersoal/PAS/oep/listado/escala-administrativa-2024>

- A celebración do exercicio terá lugar o **día 15 de xullo de 2025 (MARTES), ás 10:00 horas**, na **Aula Luisa Cuesta**, da Biblioteca Concepción Arenal da USC, situada na Rúa dos Feáns, s/n, 15782 Santiago de Compostela, no Campus Vida (fronte á Facultade de Dereito).
- As persoas aspirantes que deban concorrer a este exercicio terán que presentarse coa suficiente antelación no lugar indicado, para dar inicio ao chamamento a partir das 10:00 horas seguindo a orde de actuación prevista na base 6.1 da convocatoria, comezando alfabeticamente pola letra “V”.
- Cada persoa aspirante debe acudir provista do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, ao xuízo do tribunal, e levar **lapis do número 2 e goma de borrar**.

- Todo o material necesario para realizar a proba (cuestionario de preguntas, follas de exame e instrucións) así como o soporte técnico de apoio (equipos informáticos), será facilitado polo tribunal e porase a disposición das persoas aspirantes no lugar de realización do exercicio.
- **A duración da proba será de 40 minutos.** Por parte do tribunal indicárase a hora de inicio e remate do exame, co límite máximo de tempo indicado. Igualmente, daranse as instrucións oportunas para cubrir correctamente as follas de exame e como utilizar os equipos informáticos de apoio.
- Todas as persoas aspirantes que realicen a proba teñen a obriga de entregar as follas oficiais de exame ao remate do tempo establecido.
- Será motivo de expulsión da aula de exame levar calquera tipo de dispositivo móbil, axenda electrónica ou reloxos intelixentes á realización da proba.
- Antes de abandonar a aula, quen o desexe poderá solicitar un certificado de asistencia ao exercicio.

Segundo: Aprobar os seguintes criterios de corrección e avaliación:

- O exercicio consistirá na realización dunha proba práctica con ordenador, na cal se deberá contestar por escrito un cuestionario de 20 preguntas tipo test, máis 3 de reserva, con catro respostas alternativas das cales só unha será a correcta, relacionadas cos coñecementos das persoas aspirantes como usuarias de programas Word e Excel na versión de Microsoft Office LTSC 2021.
- As preguntas incorrectas non puntuarán negativamente e deberá acadarse un mínimo de 10 respostas correctas para obter a cualificación de "Apto".
- Unha vez finalizado o exercicio o tribunal publicará o cadro coas respostas acertadas na páxina web de convocatorias de PAS, no apartado *Información do tribunal*, ao que se pode acceder seguindo o mesmo enlace indicado no punto primeiro deste acordo.
- Non se procederá á corrección e excluírase do proceso selectivo a aquelas persoas aspirantes que consignent nas follas de exame o seu nome e/ou apelidos, trazos, marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

Terceiro: Reclamacións.

De conformidade coa base 7.2 da convocatoria, as persoas aspirantes disporán de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da realización do exercicio, para presentaren reclamacións ás preguntas formuladas polo tribunal.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
A presidenta do tribunal
Minia García Angulo

- Taboleiro de anuncios da sede electrónica da USC
(<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm?idPublObx=0>)
- Páxina web de convocatorias da Subárea de Planificación de PAS
(<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oep/listado>).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MINIA GARCIA ANGULO, XEFE A DA SUBAREA DE CONTABILIDADE,
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 10/07/2025 11:05:00.

CSV: C571-74CE-4EBF-B54E